



XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017

MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

Nicasio Gradaille

piano

SAB 18 NOV—20.30 h
CGAC

Concerto especial ao abeiro da
31ª edición de Cineuropa

Programa

Nicole Lizée (1973)

I

Kubrick Études

para piano, pista de audio e video

The Grady Twins Étude (O Resplandor)

The Old Ultraviolence (A laranxa mecánica)

Rehabilitationary Étude (Ludovico Technique) (A laranxa mecánica)

Big Wheel Étude (O Resplandor)

Hal's Requiem (My Mind Is Going) (2001: Odissea do Espacio)

Qwerty Étude (O Resplandor)

All Work, No Play, Dull Boy Étude (O Resplandor)

redruM (O Resplandor)

Tennis (O Resplandor)

Scherzo Suicidio (A laranxa mecánica)

II

Hitchcock Études

para piano, pista de audio e video

Saul Bass Étude (Psicose)

Doris Day Étude (O home que sabía demasiado)

Stutter Étude (Psicose)

The Party Étude (A soga)

Schoolhouse Étude (Os paxaros)

Phonograph Étude (O home que sabía demasiado)

Shower Étude (Psicose)

Nicasio Gradaille, pianista afincado en Vigo onde é profesor no Conservatorio Superior de Música. É pianista e membro fundador do Taller Atlántico Contemporáneo (TAC) de Santiago de Compostela. Doutor pola Universidade de Vigo cunha Tese sobre o *Concert for Piano* de John Cage. Deste compositor ten gravado para Radio Galega as súas *Sonatas and Interludes* e impartiu seminarios sobre a súa obra para piano en diversos conservatorios europeos: Gante, Leeds, Viena, Aveiro ou Londres (Royal College of Music). Interesado na música contemporánea, ten participado nos festivais Via Stellae, Semana do Corpus (Lugo), Espazos Sonoros, Semana de Música Relixiosa (Cuenca) ou Festival Internacional de Música e Danza (Granada). Galardoadado co Primeiro Premio no Concurso Internacional Xavier Montsalvatge (Música para Piano do Século XX) de Girona e no Concurso Nacional Gregorio Baudot de Ferrol. Estudou no Conservatorio Superior de Música da Coruña, con Natalia Lamas; no Conservatorio Profesional de Vilaseca con Cecilio Tiales e na Musik-Akademie der Stadt Basel (Basilea, Suíza), con Peter Efler. Tamén recibiu clases en Santiago con Martín Millán. Colabora frecuentemente coa Real Filharmonía de Galicia.

Nicole Lizée é unha compositora, artista sonora e teclista de Montreal, Canadá. As súas composicións van dende obras para gran ensemble con *disc-jockeys*, (utilizando técnicas de DJ totalmente anotadas e integradas na agrupación) ata música para instrumentos non convencionais, como poden ser consolas de vídeo ou cintas de karaoke. En 2010 concédeselle unha bolsa de investigación por parte da Fundación Civitella Ranieri (Nova York/Italia). Foi dúas veces finalista dos premios Jules Léger. A súa obra *This Will Not Be Televised*, para ensemble de cámara e pratos xira-discos, foi seleccionada en 2008 pola UNESCO International Rostrum of Composers coma unha das dez mellores obras do ano. En 2002 consegue o premio Robert Fleming, concedido polo Consello das Artes de Canadá. En 2004 foi nomeada para un Opus Prize. Recibe encargos de artistas e agrupacións tan importantes como Brigitte Poulin, Megumi Masaki, Orchestre Métropolitain du Gran Montreal ou Kronos Quartet. As súas obras foron xa interpretadas en festivais como Open Ears (Canadá), C3 (Berlín) Huddersfield (Reino Unido) ou Casalmaggiore (Italia).

As obras que aquí se presentan tratan de escarvar nos mundos de directores de cine icónicos, cada un co seu estilo propio, que supuxeron un grande impacto na miña estética. O punto de partida foi a miña crecente preocupación pola fiabilidade dos medios. A tecnoloxía ten o potencial para fallar, e pode fallar de xeito espectacular, creando sons e imaxes fascinantes. Cada unha destas series de estudos está construída a partires de audios e vídeos de obras destes autores pero danados e deconstruídos. As imperfeccións e erros resultantes son tecidos conxuntamente para crear unha paisaxe sónica sobre a que o piano interactúa, emulando os trazos característicos dos medios audiovisuais cando funcionan mal.

Kubrick Études: son unha grande admiradora do estilo de Kubrick. Fun absorbida pola simetría meticulosa, os ángulos extremos, as tomas tan longas, a textura, a perspectiva así como pola énfase no deseño, no enmarcado, nas liñas frías e estériles (mais desfrutando das cálidas tonalidades vermellas) e os trastornos emocionais das personaxes. Atopei un tesouro cheo de sons e imaxes que quixen manipular.

A interacción deste material manipulado co intérprete en directo é o que fai tan atraínte a unión destes dous mundos. As imaxes condicionan a escritura pianística, infundindo unha calidade inhumana, case mecánica. O intérprete aporta nova vida e emoción aos personaxes ou iconas, mentres dobra, estreita ou destrúe o contexto, as funcións e o guión orixinal. Atopo algo sinistro e terrible cando o pianista se infiltra na escena e interactúa coas personaxes (moitas veces psicóticas), ás veces converténdose en parte do terror ao tempo que levándoo nunha nova dirección.

Vinme na necesidade de utilizar novas técnicas, unha das cales foi integrar a sonoridade da habitación que foi capturada polo micrófono incorporado da miña cámara de vídeo. Máis que resgar o audio e o vídeo dixitalmente a partir do DVD, filmei a pantalla capturando o son co micrófono. Esta alternativa de baixa fidelidade ten o beneficio de resonancia engadida que pode ser utilizada para crear melodías e ser sincronizada coa imaxinaría tan cambiante.

Hitchcock Études: Estes estudos foron construídos usando material sónico e visual de películas do período medio de Hitchcock, ampliando as bandas sonoras de Bernard Hermann e outros elementos sonoros dos filmes. Os materiais orixinais aparecen deconstruídos, danados ou mal empalmados, formando capas de materiais rítmicos erráticos, illados e liñas melódicas e harmonías deformadas. Sobre este material sonoro será sobre o que o piano introducirá os seus sons. O material manipulado está anotado de forma precisa na partitura para que o piano en directo poda tocar sincronizadamente e interactuar co son e coas imaxes, suxerindo novos materiais a partires de materiais existentes alterando o seu estado físico. Iluminando melodías, ritmos e xestos agochados.

Afronto a composición destes estudos tratando de descubrir novos sons por medio da manipulación. Creando así unha obra nova que quere afianzar e trastocar á vez os coñecementos previos deste material que ten a audiencia. Será tanto familiar como alleo. Esta dualidade intrígame. Nicole Lizé



XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017

MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

Últimos concertos

NOVIEMBRE

MANUEL BLANCO, trompeta
KARINA AZIZOVA, piano
Ven 24—20.30 h — Paraninfo da Universidade

CUARTETO GRANADOS
ALICIA AMO, soprano
Sáb 25—20.30 h — Igrexa da Universidade



Deputación
DA CORUÑA